

INICIO CURSO 2024-2025

Este ano o curso 2024-2025 no IES Ponte Caldelas comeza o día 11 de setembro, o horario deste día será o habitual no centro: desde ás 9:00 ata ás 14:25. Ese día o transporte funcionará con normalidade.

Ó chegar ó centro o alumnado debe dirixirse á entrada sinalada de cor amarela (a que está cerca das aulas de Tecnoloxía e Música). No caso de teren dúbidas haberá profesorado de garda ó que preguntarlle.

Desde alí, a partir das 9:00, o alumnado vai ser chamado por grupos e xunto a súa persoa titora irán subindo ás aulas. Nesa primeira hora estarán co titor/a e daranlle instrucións, resolverán as súas dúbidas, indicaranlle o horario do grupo e **repartiran gratuitamente a todo o alumnado unha axenda** (non é preciso comprala e é unha ferramenta de traballo obrigatoria para o curso).

Os libros e vales de material escolar comezaranse a entregar desde ese día pero pode que se prolongue durante o que resta da semana.

O luns 16 comezará o servizo de comedor para aqueles que o solicitaron.

Tamén a partir do luns 16 comezaranse a repartir as taquillas entre o alumnado que o solicitase (débesse facer o depósito dunha fianza de 10€).

Vémonos axiña para comezarmos este novo curso!